CAMPIONATO GALEGO DE LONGA DISTANCIA EN PISCINA

Piscina: Rías do Sur, 25 metros 8 estaxes

Pontevedra, sábado 28 de novembro de 2026

Instrucións Técnicas

1.- Horarios das probas

Sesión	Hora de comezo
Mañá	10:30
Tarde	16:30

2.- Quecementos

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 15 minutos antes.

Utilización de material de adestramento. Durante os quecementos na piscina de competición só se permite a utilización do seguinte material auxiliar: pull-boi e táboa de pes.

Por seguridade **NON se poderán utilizar aletas, palas, gomas de resistencia**... nin se permitirá lanzarse á auga de cabeza.

3.- Piscina anexa

A piscina anexa so se permitirán utilizar con fins **exclusivamente deportivos**, non estando permitido ningún tipo de xogo ou similares que perturben o normal desenvolvemento da competición.

Prégase a máxima colaboración para o seu correcto uso.

4.- Acreditación de delegado

Deberá facerse entrega da acreditación de delegado/a de club no impreso oficial **a través de correo electrónico** antes do 28 de novembro, cumprimentado na súa totalidade.

Tal e como se recolle na circular 26-04, tanto o adestrador como o delegado acreditado do club deberá estar en posesión da súa correspondente licencia federativa para a presente tempada.

5.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas a través do formulario web até **60 minutos** antes do inicio de cada sesión pola persoa Delegada do Club.

6.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

7.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.7.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 10 minutos antes do inicio da súa proba.

8.- Desenvolvemento da competición

A saída efectuarase para todos/as o nadadores/as, dende a auga, manténdose agarrados cunha man no bordo da piscina e cos pes apoiados na parede.

Durante toda a proba, cando se nade con dous nadadores por estaxe, cada nadador deberá manterse sempre no seu lado da estaxe.

Para marcar a distancia que lles falta por nadar ós participantes, **cada club deberá levar os seus propios carteis con un 1, un 2 e 500**. Serán os propios adestradores ou axudantes quen sinalen ós nadadores dende o lateral da piscina. Os derradeiros 50 metros sinalaranse con sinal acústica de campá.

9.- Entrega de medallas

A entrega de medallas terá lugar ó remate da competición. Os nadadores premiados serán chamados por megafonía para acudir ó lugar establecido para a premiación.

10.- Entrega de resultados

Ó termo da competición, a FEGAN pendurará na súa páxina web os resultados da mesma.

11.- Uso da instalación

En todo momento na praia de piscina, tanto en quecementos como durante a propia competición, os integrantes dos clubs estarán obrigados ao uso de chancletas. No caso de querer utilizar zapatillas de deporte é **obrigatorio** o uso de calzas.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org